

ENCARGO Á FUNDACIÓN DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS DE GALICIA PARA AS TAREFAS DE APOIO E DE XESTIÓN ECONÓMICA PARA DESENVOLVEMENTO DA APLICACIÓN DE GESTIÓN EMPRESARIAL (AGE)

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Fundación do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns de Galicia (en adiante Fundación CITIC) ten como fins a contribución ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade do sector das tecnoloxías da información e as comunicacóns de Galicia mediante o fomento da excelencia na investigación e a transferencia de tecnoloxía, así como a produción, promoción, asesoramento e divulgación do coñecemento, no campo das TIC, e a formación de persoal experto no devandito campo.

SEGUNDO. A Fundación CITIC ven encargándose da xestión técnica, económica e administrativa de programas de xestión baixo encargo da Universidade da Coruña (en adiante, UDC), contando cunha axeitada estrutura organizativa, capacidade e coñecemento especializado requiridos.

TERCEIRO. Para o desenvolvemento da Aplicación de Xestión do CITIC (en adiante AGE) a UDC encargou á Fundación CITIC tarefas de apoio e xestión, incluíndo o deseño, creación de guías de usuario, xestión de incidencias, soporte e creación de novas funcionalidades.

CUARTO. Segundo o artigo 7 bis dos seus Estatutos, a Fundación CITIC é un medio propio instrumental e servizo técnico da UDC, considerándose a relación da Fundación CITIC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encargos de obrigado cumprimento para a Fundación, de conformidade co previsto no artigo 32 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

En consecuencia, o Reitor da UDC propón á Fundación CITIC o seguinte,

ENCARGO DE XESTIÓN

PRIMEIRO As actuacións a realizar pola Fundación CITIC obxecto do presente encargo, así como os requisitos para as mesmas son a de dar apoio técnico, administrativo e económico para a realización das actuacións indicadas no Anexo I.

SEGUNDO. O presente encargo é competencia do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns da UDC que designa a D. Manuel Francisco González Penedo, como Dirección Técnica e por tanto responsable da calidade das actuacións que se desenvolverán, así como da xustificación técnica da actuación ante a UDC.

TERCEIRO. O orzamento para a execución do presente encargo ascende a CORENTA E SEIS MIL EUROS (46.000,00€), repartido conforme o anexo II. En cumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente, o encargo está eximido do imposto sobre o valor engadido (IVE).

CUARTO. O pagamento da cantidade estipulada realizarase previa xustificación das tarefas executadas e certificación do gasto realizado e a emisión da correspondente factura.

Tarefas realizadas. Serán xustificadas cun informe/certificación da Dirección Técnica designada pola UDC onde consten as actuacións realizadas.

Certificación do gasto. Todas as certificacións presentadas pola Fundación CITIC á UDC serán conxuntas entre a Dirección Técnica e a xerencia da Fundación CITIC. A/as certificación/s será/n emitida/s pola Fundación CITIC cando lle sexa requirido pola Dirección Técnica establecida na cláusula terceira do presente encargo. As certificacións incluirán:

Gastos Directos:

- Representarán como mínimo o 85% da contía do encargo indicada na cláusula cuarta.
- Poderán estar formados por:
 - Facturas de servizos externos ou subministracións.
 - Gastos de persoal (nóminas, seguros sociais, indemnizacións). Se xustificarán cos correspondentes custos mensuais, intensidades dedicadas e custos asociados.
 - Honorarios
 - Gastos de desprazamento. Se xustificarán coas correspondentes follas de gastos e xustificantes.
- Os custos deberán estar vinculados coa realización das actuacións encargadas.

Gastos Xerais. Da contía indicada, e conforme á encomenda xeral de servizos da UDC á Fundación CITIC, o importe dos gastos xerais será do 15% do total do importe. Os gastos xerais non requirirán xustificación. Repartiranse tal como se indica de seguido:

- 7,5 % para a coordinación.
- 2,5% para a secretaría técnica da Fundación CITIC.
- 5% para a xestión económica por parte da Fundación CITIC.

Os gastos xerais indicados non requirirán xustificación.

Outros ingresos. No caso de que a Fundación CITIC reciba ingresos vinculados ao presente encargo, estes destinaranse a financiar a actividade encargada reflexando dita circunstancia, ingresos recibidos, procedencia e balance final, na certificación do encargo.

Factura. Emitida como documento para pagamento.

A Fundación CITIC presentará as seguintes certificacións: unha certificación final segundo a cláusula novena.

Dita certificación será remitida en prazo e forma á área responsable do encargo indicado na cláusula segunda.

QUINTO. A Fundación CITIC conservará todos os xustificantes dos gastos certificados. A UDC poderá realizar as labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre á realización dos traballos do encargo.



SEXTO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio para o desenvolvemento das actuacións encomendadas, a Fundación CITIC empregará o galego, para o que poderá utilizar para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

SÉPTIMO. A realización do encargo non suporá a existencia dunha relación funcional nin laboral coa UDC do persoal da Fundación CITIC dedicado ao proxecto.

OITAVO. É obriga da Fundación CITIC e da UDC publicar este encargo na súa páxina web e no correspondente perfil do contratante.

NOVENO. A vixencia do presente encargo rematará cando as actuacións obxecto do mesmo sexan realizadas e debidamente xustificadas, en todo caso antes do 31 de outubro de 2025 sendo esta, polo tanto, a data límite para presentación da última certificación do encargo.

DÉCIMO. O presente encargo baséase no artigo 32 da LCSP tendo, polo tanto, un carácter obrigatorio para a Fundación CITIC quen deberá aceptala e executala conforme ás instrucións técnicas e académicas dadas pola UDC, para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes. En consecuencia corresponde á UDC, a través a través do departamento indicado na cláusula segunda, á interpretación do presente encargo así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

UNDÉCIMO. En cumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente, o encargo está eximido do imposto sobre o valor engadido (IVE).

Por todo o indicado,

ACÓRDASE

PRIMEIRO. Encargar á Fundación CITIC as actuacións referidas no apartado segundo do presente encargo relacionadas co desenvolvemento de AGE.

SEGUNDO. O orzamento para ditas actuacións ascende á cantidade CORENTA E SEIS MIL EUROS (46.000,00€).

O citado importe financiarase con cargo a partida orzamentaria que se detalla a continuación: 2024 0599 541A 6490008 (Proxecto MUS 806 Costes Indirectos)

Na Coruña, na data da sinatura dixital

O reitor da Universidade da Coruña
RICARDO JOSÉ CAO ABAD



ANEXO I

ACTIVIDADES OBXECTO DO ENCARGO

1. Creación de Guías de Usuario

a. Descrición do Servizo:

- i. Documentación Detallada: Manuais e guías paso a paso.
- ii. Tutoriais en Vídeo: Vídeos explicativos para facilitar a aprendizaxe.
- iii. Actualización Continua: Revisión e actualización da documentación segundo novas funcionalidades.

b. Beneficios:

- i. Facilita a adopción da aplicación.
- ii. Reduce a necesidade de soporte técnico.
- iii. Mellora a experiencia do usuario.

2. Xestión de Incidencias

a. Descrición do Servizo:

- i. Rexistro e seguimento de incidencias.
- ii. Prioridade de Incidencias: Clasificación e resolución segundo a criticidade.
- iii. Informes de Incidencias: Reportes periódicos sobre o estado e resolución de incidencias.

b. Beneficios:

- i. Xestión eficiente de problemas.
- ii. Transparencia no seguimento de incidencias.
- iii. Mellora na satisfacción do usuario final.

3. Soporte e Mantemento

a. Descrición do Servizo:

- i. Soporte Técnico: Atención a consultas e resolución de problemas técnicos.
- ii. Mantemento Preventivo: Actualizacións regulares para asegurar o correcto funcionamento da aplicación.
- iii. Mantemento Correctivo: Solución de erros e fallos detectados na aplicación.

b. Beneficios:

- i. Redución de tempos de inactividade.
- ii. Mellora continua do rendemento da aplicación.
- iii. Asistencia técnica especializada.

4. Desenvolvemento de Novas Funcionalidades

a. Descrición do Servizo:

- i. Análise de Requisitos: Identificación de novas necesidades e funcionalidades.
- ii. Desenvolvemento e Implementación: Programación e probas de novas características.
- iii. Integración Continua: Aseguramento da compatibilidade coas funcionalidades existentes.

b. Beneficios:

- i. Adaptación ás necesidades cambiantes.
- ii. Innovación e mellora continua da aplicación.



ANEXO II

TIPO GASTO	ORZAMENTO
Gasto Directo	39.100,00 €
- Salarios e Seguridade Social	17.370,00 €
- Indemnizacións	730,00 €
- Honorarios	0,00 €
- Becas investigación	0,00 €
- Desprazamentos e manutención	500,00 €
- Servizos externos/Subministracións	20.000,00 €
- Inventariable/amortizacións	500,00 €
Gasto Indirecto	6.900,00 €
- Coordinación Dirección	3.450,00 €
- Secretaría Fundación CITIC	1.150,00 €
- Xestión económica Fundación CITIC	2.300,00 €
IMPORTE AMPLIACION	46.000,00 €